



Particiou en Vegadeo nun foro sobre *Comunicación e Escola* canda o presidente do Senado e a presidenta da Xunta Xeral do Principado de Asturias

Balseiro Orol reivindica o protagonismo do Parlamento “agora e con máis esforzo ca nunca” para canalizar os problemas e inquiredanzas sociais

- **Define a política como “servizo ao ben común, imprescindible para mellorar a vida das persoas”**

Santiago, 24 de marzo de 2011.- O secretario da Mesa do Parlamento de Galicia, José Manuel Balseiro Orol, afirmou que os diferentes parlamentos “agora, e con máis esforzo ca nunca, temos que canalizar os problemas e inquiredanzas dos cidadáns”.

Balseiro Orol efectuou estas reflexións este mediodía en Vegadeo (Asturias) onde participou no *III Foro Comunicación y Escuela*, organizado polo Instituto de Educación Secundaria “Elisa y Luis Villamil” desa localidade. Neste acto tamén interviron o presidente do Senado, Javier Rojo, e a presidenta da Xunta Xeral do Principado de Asturias, M^a Jesús Álvarez.

Ante un grupo de alumnos de 3^o de ESO e de 1^o e 2^o de Bacharelato que conformaban o auditorio, o secretario da Mesa do Parlamento de Galicia reivindicou “o papel da política, que atopa a súa máxima expresión no Parlamento, como servizo ao ben común, como actividade imprescindible para mellorar a vida das persoas”.

O representante do Parlamento de Galicia tamén insistiu na necesidade de que desde as diferentes cámaras legislativas se promovan e faciliten “vías de conexión cos cidadáns, buscando sempre unha comunicación fluída”.

Nesta liña, Balseiro explicou que para conmemorar o 30 aniversario da súa creación, o Parlamento de Galicia se dispón a organizar actividades encamiñadas a visibilizar a actividade da institución.

Autogoberno e competencias

“A evolución do Parlamento neste anos é a evolución do autogoberno galego e do afianzamento competencial. Para celebralo, e sen perder nunca de vista o escenario de austeridade no que nos movemos, estamos ultimando unha serie de actividades conmemorativas que nos permitirán chamar a atención dos cidadáns sobre esta efeméride”, aseverou o orador.

Na mesma liña, indicou que a Presidencia da Conferencia de Presidentes de Parlamentos Autonómicos (COPREPA) que acaba de asumir Galicia “será aproveitada para reivindicar o papel da política como instrumento para a resolución dos conflitos e das diferenzas”.

Saúdos, Gabinete de Comunicación